

Os estudos galegos nos contextos globais

JOHN RUTHERFORD

M IÑAS DONAS E MEUS SEÑORES:

Estoulles moi agradecido aos organizadores deste gran evento por me faceren o honor de acordarse de min á hora de buscar quen lese o discurso inaugural. Quero, ademais, felicitalos por organizar con tanto xeito este IX Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos. E vou aproveitar esta ocasión para corrixir un erro que vin repetido en varios sitios: eu ben quixera poderme gabar de ser fundador desta asociación, pero non o son. Cheguei máis tarde.

O que vos vou presentar esta mañá para a vosa consideración é unha visión crítica e persoal da situación en que se atopan os centros de estudos galegos hoxe en día, unha apreciación de como se van desenvolvendo eses estudos fóra de Galicia.

Antes de empezar, quero insistir en que eu non son aquí portavoz de ninguén; de maneira que, se chego a dicir cousas que incomodan a certos señores, que eles non se enfaden coa AIEG, senón comigo, que son o único merecente de tal distinción. Reclamo para min este dereito exclusivo. Así e todo, lembren eses señores que o mellor agasallo para un bo amigo son uns consellos francos, sinceros e ben intencionados.

En certa ocasión, hai un par de anos, a miña amiga Dolores Vilavedra chamoume «patrucio». Agradezo este honor, pero non estou de acordo con tal denominación, porque os patrucios deben ter oitenta anos polo menos e, ademais, andar con caxato. Con todo, Dolores fíxome patrucio: que lle vou facer?; e o traballo do patrucio consiste precisamente niso, en dar sabios consellos coa liberdade e a franqueza que lle confire a súa avanzadísima idade.

Agora teño que aburrirvos un pouco reafirmando unhas cantas verdades de pé de banco. Hoxe é necesario tal procedemento en Galicia, dada a situación crítica pola que pasamos neste país. Tales verdades constitúen a base teórica sobre a cal construirei as consideracións prácticas de que despois falarei.

Primeiro quería facer fincapé na importancia da identidade colectiva. Todos somos animais sociais, e todos necesitamos pertencer a algunha comunidade ben definida que nos proporcione uns soportes emocionais, psicolóxicos e materiais necesarios para o benestar

humano. Eu ben o sei por experiencia propia: durante a miña primeira estada en Galicia, en Ribadeo, aos 17 anos, hai medio século exactamente (se cadra é certo que son un patrucio), atopei, por vez primeira na miña vida, unha forte identidade colectiva, e, dentro dela, unha identidade para min, unha seguridade psicolóxica, un sentido de orientación na vida. Meus pais e mais os meus amigos notaron en min un cambio inmenso para mellor cando volvíñ a Londres, ao cabo daqueles catro extraordinarios primeiros meses ribadenses.

O problema fundamental da Inglaterra contemporánea, que é a causa doutros moitos gravísimos problemas sociais, é que perdeu a súa personalidade e as súas personalidades rexionais —todo sentido de verdadeira comunidade— ao homoxeneizarse e americanizarse en nome da eficacia e do progreso materiais. (En compensación desta perda, na xerga oficial instaláron «community», como palabra de moda, ata chegar á ridiculez daquela expresión agora ubicua «international community»). Proba da verdade disto que estou a dicir está en que cada pouco hai grandes debates públicos en Inglaterra sobre o significado de ser inglés, debates que se repiten unha e outra vez, porque nunca chegan a ningunha conclusión nin a ningún consenso: ninguén sabe xa qué cousa é un inglés. É moi importante que non suceda o mesmo aquí; o forte e indiscutíbel sentido de identidade galega é todo un tesouro, algo precioso co que Galicia contribúe ao impersoal escenario globalizado. Foi o que atraeu os estranxeiros dos que eu agora son un representante a estas terras, o que nos levou logo a facernos galegos. A identidade galega é, efectivamente, moi atractiva na súa fonda humanidade, na súa gran sutileza e na súa sabia complexidade.

A miña segunda verdade de pé de banco é que a lingua é a alma e o patrimonio dun pobo, a magnífica creación dese pobo, que encerra toda a súa historia, todas as súas vivencias comunais, toda a súa visión senlleira deste mundo a quen lle tocou aturar a nosa presenza. Douvos un exemplo, pequeno e grande: o pronome dativo de solidariedade, exclusivo da lingua galega, évos unha testemuña do traballo común e solidario grazas ao cal os galegos sobreviviron ao longo dos séculos nas máis que precarias condicións das súas misérrimas aldeas. Perder unha lingua é unha perda irreparábel de algo insubstituíbel, e é o primeiro paso cara a perda da identidade colectiva.

Disto dedúcese a miña terceira verdade de pé de banco: é unha urxente necesidade protexer as linguas ameazadas e en perigo de extinción, como a galega, por ser a lingua dun país pequeno, sen estado e con moitos problemas máis. Esta é unha simple cuestión de ecoloxía lingüística. E, evidentemente, tal protección é un dos deberes básicos e máis urxentes de calquera goberno galego; por iso teño que dicir que contemplei con auténtico asombro e fonda tristeza os sucesos dos últimos meses, cando un partido político galego tomou a lingua galega como munición para unha campaña electoral e, convertido logo en goberno, lanzou ataques contra a súa propia lingua, creando problemas e divisións sociais onde non os había, coma se faltasen problemas en Galicia. Entre tales problemas, recentemente creados ou resucitados, están o reforzo de antigos e absurdos prexuízos lingüísticos; a ruptura dun bo consenso que custara moito traballo conseguir; a politización da lingua, que non vai levar a ningún sitio bo; a segregación nas aulas e a provocación de sentimentos antiespañóis entre os defensores da lingua galega (porque os ataques a calquera nacionalismo pacífico, como o galego, corren o risco de convertelo nun nacionalismo agresivo). A política lingüística doutros

governos do PP faría unha protección, se cadra, demasiado tímida da lingua galega; pero tiña unha virtude, como moi ben sinalou Anxo Lorenzo: baseábase no feito de que é necesario «non provocar ningún tipo de conflictividade na sociedade galega por motivos lingüísticos». Pobre lingua galega!, qué fixeches para merecer que todo un señor conselleiro de educación te chamase «bisté duro»? A min, por certo, dito bisté non me resultou nada duro; foi máis ben raxo tenro e saboroso, porque aprendín a lingua galega sen grandes dificultades, como fan os meus alumnos e como fai calquera que poña un pouquiño de interese e de boa vontade. E se hai que expresarse agora con metáforas gastronómicas, direi isto: non nos fagan tragar máis *feijoadas*.

A cuarta e derradeira base das miñas suxestións é esta: conservar a identidade colectiva non ten por que significar refuxiarse na nostalxia, aferrarse ao pasado; senón saber seguir sendo o que se é ao irse adaptando a unhas circunstancias sempre cambiantes, saber combinar a tradición coa modernidade. É difícil, pero posíbel, ou non tan difícil, porque Galicia leva séculos facéndoo. Galicia está aberta a influencias exteriores dende hai mil anos, e por iso a cultura popular galega é tan fonda e tan sabia. O que primeiro nos abriu ao mundo foi o Camiño de Santiago, cos seus millóns de peregrinos de todas as partes de Europa; despois, a emigración e mais a flota pesqueira. Como moi ben dixo Manolo Rivas, «Galicia —país internacional, cultura cosmopolita— xa era unha aldea global moitos séculos antes de que se inventase tal termo».

E agora vou deixar as bases teóricas e as verdades de pé de banco para pasar a unhas consideracións prácticas. Cal é o papel dos centros de estudos galegos neste mundo globalizado? A nosa contribución ao ben de Galicia só pode ser indirecta e modesta, porque nós —afortunadamente ou desafortunadamente— non somos nin políticos nin xente de negocios; pero non subestimemos a nosa capacidade. Os estudos galegos non son só «académicos».

Primeiro voulle botar unha ollada ao pasado, para ver cales foron os acertos e os erros.

Moito se fixo dende que a un director xeral de Política Lingüística, Manuel Regueiro, se lle ocorreu a idea dos centros de estudos galegos e fundou o primeiro no Queen's College da Universidade de Oxford, alá no 1991. Como exemplo do que se realizou dende entón, vou falar un pouco daquel centro, non porque o considere como modelo para imitar, senón porque é o centro que mellor coñezo.

A nosa tarefa fundamental son as clases de lingua e literatura que impartimos non só a estudantes, senón tamén a licenciados e, incluso, a algún colega; pero isto non é o único que facemos nin moito menos. No centro de Oxford defendéronse con éxito catro teses de doutoramento sobre temas galegos, as de Benigno Fernández Salgado, Kirsty Hooper, Craig Patterson e Kerry McKevitt; e xa imos coa quinta, a da lectora actual, María Liñeira. Tamén organizamos visitas de alumnos e profesores a Galicia, enviando cada verán un ou dous estudantes aos cursos organizados aquí, en Santiago, dos cales eles volven encantados a Oxford. Recibimos visitas a Oxford de profesores e escritores galegos, que dan charlas no Seminario de estudos hispánicos que se celebra alí cada martes. Tamén nos ocupamos da organización de congresos, simposios e outras actividades culturais, entre os cales quero facer mención especial do Forum for Iberian Studies (idea do noso primeiro lector, Benigno Fernández Salgado), polo éxito de que goza e por dúas calidades pouco usuais que posúe: os

organizadores non son os profesores permanentes, senón os lectores dos varios idiomas falados na península Ibérica, e a ningún destes idiomas se lle concede ningunha preeminencia. Durante doce anos colaboramos tamén co Concello de Ribadeo na organización das Xornadas Culturais Mar por Medio, levando profesores e escritores do Reino Unido e doutros moitos países a Ribadeo para dar conferencias sobre temas galegos. O «Spanish Open Day» (día de portas abertas para alumnos de bacharelato) proporciónanos cada ano unha boa oportunidade para espertar en tales rapaces un interese por Galicia. Ao longo dos anos, tamén fomos xuntando, grazas sobre todo á xenerosidade das institucións galegas que nos envían libros, unha biblioteca considerábel, agora en proceso de catalogación e incorporación en internet. De cando en vez, asesoramos individuos e institucións ingleses sobre cuestións galegas, como, por exemplo, cando Craig Patterson e Gabriel Rei Doval viron que o artigo sobre Galicia na *Encyclopaedia Britannica* contiña moitos erros importantes, como, por exemplo, as referencias a «El Ferrol del Caudillo». Enviamos unha carta coas correccións, que incorporaron na próxima edición... pero non se acordaron da súa promesa de enviarnos as probas do artigo corrixido, no cal meteron máis material con novos erros. Foi un éxito só parcial, nós fixemos o que puidemos. Sinto un agarimo especial polo noso Obradoiro de tradución literaria, no que todos os interesados formamos un equipo para mellorar colectivamente durante hora e media cada semana, palabra por palabra e frase por frase, un primeiro borrador dun texto galego traducido ao inglés por un ou varios de nós. É un traballo lentísimo pero pracenteiro e proveitoso, que dá uns resultados de tan alto nivel que sempre os publicamos como libros: primeiro, *Them and other stories*, escolma de contos de Xosé Luís Méndez Ferrín; despois, *Things*, de Castelao e, agora, *From the beginning of the sea*, escolma de vinte e catro contos de doce autores galegos contemporáneos, na que Xelís de Toro ten un triplo papel, porque é un dos autores traducidos; como lector, foi un dos tradutores e, ademais, é o editor. (O mesmo título foi idea de Xelís, tamén.) Estamos todos fartos de oír dicir que Galicia é a fin da terra, con todas as implicacións negativas que esta expresión trae consigo: pois ben, se miramos a cousa dende o outro lado, tamén é verdade que Galicia é o comezo do mar. Entre as outras publicacións nosas quero recordar as actas do congreso desta asociación, celebrado en Oxford no 1994, enorme traballo de Benigno Salgado (debería selo dos dous, el e mais eu, pero non puideron axudar a Beni, porque xa pasara a data límite de entregar a Penguin Books a miña tradución do *Quixote*, e aínda non empezara a preparala).

Falando un momento con egoísmo: aprendín moito, moito dos cinco lectores con quen tiveron o privilexio de traballar ao longo destes dezaioito anos: Benigno Fernández Salgado, Xelís de Toro, Manolo Puga, Gabriel Rei Doval, María Liñeira. A amizade de todos eles é un enorme enriquecemento da miña vida.

E nada de todo isto sería posíbel sen a idea de Manuel Regueiro e mais a axuda económica da Xunta de Galicia.

Podemos distinguir dous efectos xerais de tales actividades realizadas en todos os centros de estudos galegos, dos que citei o de Oxford como un exemplo entre moitos: primeiro, aumentar a visibilidade de Galicia no mundo (primeiro no departamento de español, despois na Universidade en xeral, logo na poboación enteira); e, segundo, aumentar o prestixio da lingua galega entre os propios galegos e así combater o autoodio, de maneira curiosa ás veces.

Hai uns anos déronme un premio en Lugo, e a noite antes da entrega houbo unha recepción nun luxoso hotel daquela cidade. Ao entrar no hotel notei que todo o mundo falaba en castelán: case todos os premiados eran homes de negocios, arquitectos, médicos etc.; pero eu teño por norma falar en galego cando estou en Galicia, e así fixen no luxoso hotel lucense. Conversando coa muller dun arquitecto, ela, de repente, chamou ás súas amigas: «Venid, venid, que John habla gallego!» Rodeáronme luxosas señoras no luxoso hotel, e a muller do arquitecto pediume: «Anda, John, di algo en gallego!» Non lembro o que dixen, tería que ser algunha barbaridade, pero non teño cara para tanto. Si lembro que me din conta naquel momento de como se senten os monos nos zoolóxicos. Despois fun notando algo moi curioso: pouco a pouco empecei a oír falar galego arredor miña. O día seguinte, na entrega, cada un dos doce premiados pronunciamos unhas breves palabras de agradecemento, e fun contando: oito falamos en galego, e os catro que non o fixeron pediron desculpas. E eu dixen para min: «Algo imos conseguindo».

En efecto, fíxose algo, bastante, en menos de vinte anos. Vexamos agora aquilo que non estivo tan ben.

Ás veces dá a impresión de que a Xunta de Galicia só se interesa polo número de estudantes e de cursos que hai en cada centro. Con todo, penso que todas as actividades que mencionei, e outras moitas que hai noutros centros, son moi relevantes tamén. Pensemos, por exemplo, na crecente importancia da investigación, e no papel central da tradución no intercambio entre culturas, tan necesario para que estas manteñan a súa vitalidade. De feito, en Oxford nunca tivemos moitos estudantes de galego, consecuencia da maneira en que o estudo das linguas modernas está organizado alí; pero os relativamente poucos que tivemos sempre foron moi bos, e fixemos outras moitas cousas creo que valiosas. Penso, pois, que non sería mala idea que a Xunta pensase máis na calidade e menos nas cantidades. É moi bonito, por exemplo, proclamar que xa hai medio centenar de centros de estudos galegos por todas as partes do mundo, pero ¿todos eles funcionan ben? Por que non dedicar máis recursos e esforzos ao mellor funcionamento dos centros existentes?

A cuestión económica funciona mellor agora. Parece que os cartos chegan puntualmente ás universidades, e non sempre foi así. No entanto, en varias universidades aínda hai grandes atrasos na transferencia destes fondos, unha vez chegados, dende a burocracia ata os centros de estudos galegos e ata os lectores (varios dos cales cobran con moito atraso). As autoridades competentes da Xunta de Galicia deberían exercer máis presión sobre ditas universidades para que axilicen as súas burocracias. Outro problema económico consiste en que todos os lectores cobran máis ou menos o mesmo; pero con mil euros non se fai o mesmo en Londres que en Asunción. As bolsas terían que ter máis en conta os diferentes custos da vida.

Agora ben, non todo está feito con mandarlles puntualmente aos centros os cartos adecuados. Este só é o primeiro paso. É necesario coidar outras cousas que non se coidaron. Moitos lectores séntense illados e desamparados, sobre todo, se o responsábel do centro non é especialista en estudos galegos ou se non se interesa moi activamente por el. Durante moitos anos, por exemplo, cada lector tivo que desenvolver os seus propios métodos de ensino. A falta de seguro médico foi tamén durante moito tempo un grave problema e unha fonda preocupación para os lectores. Estes problemas resolvéronse ultimamente ata certo punto: o

seguro médico só cobre urxencias, co cal foi máis ben modesto este adianto. E quedan outros moitos problemas causados por certa falta de coordinación xeral.

Fíxose, pois, bastante; pero queda moito por facer.

Sobre todo, hai que fortalecer a organización central. Con isto non critico para nada o excelente traballo do responsábel de lectorados, Toño Torres, senón que suxiro que este home necesita reforzos. E preguntome se non faría falla un organismo independente para optimizar a organización dos centros. De todos os xeitos, é necesaria unha maior integración e cooperación en xeral.

Fai moita falla, por exemplo, unha mellor preparación dos lectores antes de iren a cadansúa universidade, para que saiban exactamente o que alí lles espera. Habería que seleccionalos moito antes para que isto sexa posíbel, e para que non teñan que dar clases nada máis chegar. Este ano, outra vez máis, e a pesar das repetidas recomendacións que se fixeron ao respecto, os novos lectores non van ser seleccionados ata mediados de setembro, o cal asegura e garante que eses pobres rapaces entrarán con mal pé. E se presentan no mundo a imaxe dunha Galicia inepta e caótica, ¿de que serve envialos ao estranxeiro? Nun par de semanas, como van buscar aloxamento (tarefa de suma dificultade a tales alturas, en Oxford polo menos)? E como se van ir acostumando a un estilo de vida totalmente diferente? E como van coñecer os novos colegas e a nova universidade? E como van preparar as clases? A formación dos futuros lectores non é só cuestión de lingua: necesitan recibir con bastante antelación información sobre as universidades a que van destinados, moi diferentes das universidades galegas. Hai culturas académicas moi distintas: por exemplo, en Inglaterra o estudante universitario supón que vai aprender a pensar; en España supón que vai adquirir información. E así foi como unha filla miña que comezou os estudos galegos con moita ilusión (non en Oxford) abandonounos despois duns cantos meses: «Á lectora parécelle moi mal que desenvolva as miñas propias ideas sobre os textos que estudo, só quere que repita as ideas dos críticos máis autorizados, e mais as dela». Ademais, o enfoque filolóxico dos lectores non os prepara para os métodos moi diferentes que existen nas universidades de fóra de España. En fin, hai que facer moito máis para integrar cada lector plenamente no seu novo contorno académico. Tamén hai que ter máis coidado á hora de escoller os lectores, buscando xente aberta ao diálogo e disposta a facer esforzos por realizar esa integración. E aquí hai outro problema: o baremo, o sistema ríxido de puntuación que se emprega agora. Unha persoa pouco apta para o traballo de lector pode resultar seleccionada por simple acumulación de puntos. Por que non seleccionar os lectores en maio? Deste xeito habería tempo dabondo para organizar unhas xornadas formativas no verán, innovación que creo moi necesaria, aínda máis agora coa inclusión dos licenciados en tradución.

Outra maneira en que o lector pode integrarse na vida da súa universidade é facendo un *máster* ou unha tese de doutoramento, ou formar parte dun equipo de investigación. Dada a énfase que se pon agora na idea de «investigación mais desenvolvemento», e en vista dos fondos dispoñíbeis para tal fin, está claro que este é un camiño para seguir con urxencia.

Agora quería considerar as oportunidades e mais as ameazas da globalización. Disque esta ofrece múltiples vantaxes. Eu non sei se isto será verdade; pero o que si é seguro é que ofrece moitos perigos para as culturas pequenas, sobre todo, cando se combina co feroz e

brutal mercantilismo que domina o mundo hoxe en día. E preguntome eu: cando se darán de conta os señores que nos gobernan de que os valores e procedementos do mercado non funcionan cando se aplican a actividades que non son, ou non deben ser, mercantís, como a sanidade pública e o ensino, e a busca de felicidade? ¿Non amosa a presente crise económica onde leva esta manía do mercado que nos avasala dende hai trinta anos? Hai unha lección sinxela e necesaria que Galicia pode dar a este mundo movido pola avaricia: si, os cartos son importantes, pero a xente éo moito máis. Con isto non digo que non haxa mercantilismo brutal en Galicia, porque sería unha inocentada pensar iso en vista de tanto feísmo urbano e rural, cemento e eucalipto; senón que aínda existe aquí, e a pesar de todo, un profundo sentido da importancia do ser humano. En Inglaterra, en cambio, xa non nos chaman «seres humanos», nin «xente», nin «persoas», nin moito menos «homes e mulleres» (atreverse a usar estas dúas malas palabras sería pecar de sexismo): chámannos «consumidores». Con isto está dito todo: unha degradación, unha deshumanización total. Consumidores, devoradores, esnaquizadores; e, aínda para máis, moi orgullosos de selo. Nunha sociedade algo civilizada non nos veríamos como consumidores, senón como cidadáns. Máis cartos e maior consumo non significan máis felicidade: se un é pobre, si; pero, en canto un deixa de selo, non; senón ao revés, a partir de aí, máis cartos significan máis tristeza, como amosou un estudo realizado recentemente por uns economistas ingleses, e como tamén amosa calquera contemplación de multimillonarios, meus pobres. E para conseguir esta tristeza consumidora estamos estragando o noso planeta e condenando a metade dos seus habitantes á miseria máis abxecta.

Na miña novela sobre a peregrinación, *As frechas de ouro*, o narrador e protagonista suxire unha medida sinxela e eficaz para educar nos valores auténticos os nosos amos:

[...] que ninguén poida ser político se non fixo primeiro a peregrinaxe a pé dende Roncesvalles ata Compostela, sen coche de apoio, sen asistentes, cargando sempre coa súa mochila, durmindo sempre nos peores albergues repletos de fedorentos peregrinos. E todo ministro e todo conselleiro terá que repetir a súa peregrinaxe cada coesma.

Debo recoñecer que a crecente flexibilidade do mundo globalizado ofrece algunhas posibilidades positivas, por exemplo, novas oportunidades de acercamento a outras culturas, como a lusófona, durante moito tempo máis arredada de Galicia do que é razoábel (e que quede claro que con esta observación non implico ningunha suxestión lingüística). En cada universidade, o centro de estudos galegos pertence ao departamento de estudos hispánicos, e é lóxico que así sexa; pero un maior acercamento ao departamento de portugués non sería mala idea.

Outra oportunidade positiva da globalización é internet, inventado por un ex-alumno do meu colexio, Tim Berners-Lee. (O meu colexio ten dous ex-alumnos famosos: Tim Berners-Lee e Rowan Atkinson, ou sexa, Mister Bean.) E é bo ver que os centros de estudos galegos empezan a facer máis uso de internet; pero hai moito máis aínda que se podería conseguir con esta potente ferramenta. A publicidade é cada vez máis importante: non só hai que facer cousas, senón asegurar que se saiba que se fan cousas.

Agora paso a considerar as oportunidades e as ameazas do proceso de Boloña. Espero que ninguén se ofenda se observo que a Universidade española ten necesidade de reforma. Boloña propón unha reforma que podería melloralala: algunhas das súas propostas son positivas. A súa finalidade declarada, «preparar os licenciados para o mercado laboral europeo», proporcionalles ás universidades un propósito e unha utilidade claros e ben definidos. Algo é algo. Agora ben, eu preferiría unha finalidade menos rixidamente utilitaria. Para min, a universidade non é un politécnico; co cal non implico ningún desprezo para os politécnicos, senón que digo que son diferentes. Os politécnicos son para facer traballadores; as universidades son, ou deben ser, para facer persoas máis cultas, máis completas, máis capaces de pensar por si mesmas e de vivir plenamente, en suma, mellores cidadáns (que por seren bos cidadáns tamén serán, de paso, bos traballadores). E así serán as universidades do futuro, cando se aplaque a presente furia mercantilista. No Reino Unido, como dixen antes, aínda existe a idea de que as universidades non son para estudar carreiras (cunhas poucas excepcións, como a medicina), senón para aprender a pensar independentemente, a solucionar problemas, sexan cales sexan; e a idea de que unha persoa armada con esta habilidade transferíbel aprenderá axiña e sen dificultade as técnicas específicas de calquera traballo que queira facer. Será por isto polo que o Reino Unido é o único país europeo que non está levando a cabo as suxestións de Boloña. É curiosa a resposta da miña universidade (está na rede), e resumo: «É, sen dúbida, unha idea interesante. Nós facemos dende hai bastante tempo algunhas das cousas que recomenda e, polo tanto, non nos é necesario modificar o noso sistema». Isto soa a retranca aprendida no noso centro de estudos galegos.

De calquera xeito, é evidente que as únicas linguas favorecidas por Boloña son as faladas por grandes cantidades de persoas, as de evidente ou aparente utilidade mercantil, o cal é outro perigo máis para a lingua galega. Para combater este perigo, o ensino do galego fóra de Galicia terá que ser máis dinámico e flexíbel, cun emprego máis extensivo da informática. Outra posibilidade para os centros sería unha expansión máis alá dos estudos de lingua e literatura, cara á historia, a xeografía, a arquitectura, o cine etc. Isto suporía unha reorganización que custaría traballo e diñeiro e, polo tanto, supoño que non será posíbel, polo de agora. Nun futuro sería un paso positivo, porque o enfoque actual resulta excesivamente filolóxico. Tamén hai que procurar, en cada universidade, que os estudos galegos teñan o maior grao de independencia posíbel, que existan en igualdade de condicións coas outras disciplinas. Un derradeiro pensamento sobre Boloña: unha vez instalado este proceso nas universidades galegas, ¿habrá bastantes bos candidatos para medio centenar de lectorados? ¿Non habrá que considerar a posibilidade de que un lector dea clases en máis dunha universidade?

Teño un par de observacións máis sobre o inseguro futuro que nos espera.

Os nosos amos, na súa convicción positivista, decimonónica e supersticiosa de que só vale aquilo que se pode medir (cando a verdade, é que só vale aquilo que non se pode medir), están introducindo a bibliometría como maneira de valorizar as nosas investigacións. Isto trae consigo moitos perigos para os estudos galegos, por exemplo: os puntiños que acumula no baremo calquera artigo ou libro que publiquemos dependen do número de veces que se cita noutros artigos ou libros. Unha consecuencia evidente desta absurdidade é que os traballos

sobre autores ou temas moi estudados, ou sexa, os que estean máis de moda, serán os que gañen máis puntiños no baremo; o cal é unha forte incentiva para facer investigacións sobre Borges, García Márquez ou Isabel Allende, e para non facelas sobre Castelao nin Cunqueiro nin Ferrín.

Finalmente, unha das consecuencias dos recortes dos presupostos académicos en todas as partes do mundo é que as universidades de fóra de España non financiarán os estudos galegos. Non teñen diñeiro nin para as disciplinas máis populares e con máis alumnos. Se faltan as subvencións da Xunta de Galicia, desaparecen os estudos galegos fóra de España.

E chego por fin ás miñas conclusións.

Nas nosas críticas, que ás veces son duras, e con razón, non esquezamos que foi a Xunta de Galicia quen botou todo isto a rodar. Cometeu bastantes erros, pero lembremos que a única maneira de non facer erros é non facer nada.

Teño que recoñecer que a situación actual non é nada prometedora. Contemplamos o autodio instalado como política oficial dun goberno galego, por imposíbel que isto pareza. Nin a globalización nin Boloña favorecen a nosa causa. Hai quen augura a desaparición, tarde ou cedo, da lingua galega; pero non debemos facerlles caso a eses prognósticos, porque moi poucas predicións resultan certas, por expertos e seguros de si mesmos que sexan os seus autores. Sempre hai demasiados imponderábeis, sobre todo nestes tempos inestábeis, para fiarse de predicións. Non hai que caer no pesimismo, outra tendencia galega. E a modestia galega é un valor precioso, pero ás veces convén sermos máis firmes e enérxicos, coma os cataláns.

A conclusión principal de todo isto é evidente: os centros de estudos galegos e mais a Xunta de Galicia temos que seguir traballando con todas as nosas forzas para defender e promover Galicia, este amado curruncho de Europa onde comeza o mar e onde aínda, e a pesar de todo, se conservan os valores que han triunfar no futuro, se é que hai futuro: os valores humanos. Como dixo Marcial Gondar Portasany no seu importante libro *Crítica da razón galega*: «Ou Galiza toma nas súas mans o protagonismo de construír o seu futuro ou atoparase con que llo quitaron».

Graciñas pola vosa paciencia.